

NOTA DE PRENSA INCIO CAMPAÑA VOLTA AO COLE 2026

EMGROBES PRESENTA A CAMPAÑA VOLTA AO COLE PARA INCENTIVAR AS COMPRAS LOCAIS COFINANCIADA POLA XUNTA DE GALICIA

A Asociación de Comerciantes e empresarios Emgrobes, presentou esta mesma mañán a súa campaña adicada ós máis pequenos da casa VOLTA AO COLE, de promoción do comercio local do CCa de tendas e para incentivar e premiar as compras no Grove. Asistiron o Director Xeral de Comercio, Gabriel Alén, representando á Xunta de Galicia, que cofinancia as accións do CCa de Tendas.

Ademáis acudiron Jose Cacabelos, alcalde de O Grove e o Deputado Javier Touris, en apoio á asociación e acompañando ao Presidente José Besada e a varios directivos de comercio e turismo.

Con esta acción, iniciase as campañas comerciais coincidindo co curso escolar e despois dunha campaña estival na que a vila do Grove estivo chea de visitantes. Así o CCa pretende continuar coa súa labor de promocionar e dinamizar, aumentando o consumo na vila, polo que lanza esta campaña coincidindo coa data na que se realizan as compras para a volta ó cole, así dende o **día 31 de agosto ao 13 de setembro** dese mesmo mes, as compras no comercio local Terán premio pensado para o disfrute dos nenos e nenas.

Ademais realízase novemente este ano un sorteo presencial para todos os clientes que leven a súa invitación entregada polos establecementos a cambio das súas compras. Así durante a Festa, pequenos e maiores deben entregar no Praza do Corgo, as invitación numeradas, e arredor das 19-19.30 horas procederase a realizar o sorteo de 150 e en vales de compra entre os números entregados durante toda a tarde. Con esta acción tamén se pretende incentivar a asistencia á Festa tanto de nenos como de maiores que poderán gañar estos 150 € para reinvertilo no comercio do CCa de tendas.

Ademáis ao igual que en outras campañas o CCa de tendas organizará a través das súas redes sociais, un sorteo adicional para consumir no comercio do Grove, todo elo para dinamizar e incentivar as compras e valorar aos clientes do CCa que siguen confiando ano a ano no comercio da vila.

Ao finalizar a campaña, o **día 13** se o tempo non o impide, premiarase a fidelidade dos veciños e veciñas que consuman durante estos días nos establecementos participantes, a partir das 17.30 da tarde cunha festa adicada ós nenos, donde poderán disfrutar de diferentes xogos, toro mecánico, tobogán de auga, carrilanas ademáis de música e animación. Durante a mesma farase a maiores un sorteo de 150 € en vales de compra.

Tendo en conta o éxito de anteriores edicións, espérase conseguir que os veciños e veciñas da vila sigan confiando nestas campañas e consuman todos os produtos necesarios para comezar o novo curso na vila. Repartíronse entre os máis de 80 establecementos participantes unhas 3000 invitacións para a Festa, co que Emgrobes confía que o próximo día 13 os clientes do CCa poidan disfrutar dunha gran Festa de Volta ao Cole.

Mentres tanto a asociación segue coa organización de todas as accións promocionais de cara á Festa do Marisco e a Festa da centola, tanto para comercio como para turismo, hostalería e mar.

